XUNTA DE GALICIA

# Modelo de formación competencial no centro... para un cambio innovador

Encontros de persoas coordinadoras de formación en centros
CFR A Coruña, 04-12-2025

# Catro ideas

## 1.- Unha educación de calidade ten como garantía a formación do profesorado, para ofrecer unha educación adaptada ás necesidades do contexto.

En toda organización, e máis en educación se cabe, a formación dos seus traballadores é esencial e vital: garantir a adecuada formación e preparación dos nosos docentes para afrontar os novos retos nunha sociedade cada vez máis cambiante e garantir a mellor educación dos nosos alumnos.

# Catro ideas

## 2.- Un modelo de formación de calidade e eficiente necesita un referente: Marco de competencias profesionais docentes, como espello e perfil do docente que se quere, para deseñar a súa formación.

Vinculado e enfocado ao desenvolvemento adecuado e óptimo das funcións docentes, que posibilite a creación e revisión dos plans marco normativos de formación permanente.

Xera unha imaxe global e competencial do labor docente e facilita a xeración dun porfolio docente que lles permita aos centros ter unha imaxe do seu claustro.

XUNTA DE GALICIA

# Catro ideas

## 3.- Ese modelo de formación debe ser desenvolvido e implantado baixo un sistema de xestión de calidade.

Para lograr este obxectivo, é esencial que os programas de formación sexan pertinentes, contextualizados, accesibles e estean aliñados coas realidades e retos específicos que enfrontan os profesores na súa práctica diaria.

Faciliten un desenvolvemento continuo e profesional, ofrecendo oportunidades regulares de actualización e desenvolvemento profesional ao longo da carreira docente.

XUNTA DE GALICIA

# Catro ideas

## 4.- E os seus protagonistas deben ser os docentes e os centros educativos.

Formación centrada no lugar de traballo, como factor básico de desenvolvemento das competencias profesionais, centradas nas funcións docentes.

Colaboración e comunidade de aprendizaxe: fomentar unha contorna de colaboración entre docentes, onde poidan compartir experiencias, estratexias e recursos, e aprender uns doutros.

# E catro preguntas

1. **Que?**
   - Modelo de formación permanente do profesorado
2. **Por que?**
   - Modelo de competencias profesionais docentes
3. **Como?**
   - Xestión de calidade. Deseño do PAF
4. **Para que?**
   - Centro: eixo da formación innovadora para o cambio

XUNTA DE GALICIA

# Que?

## 1.- Modelo de formación permanente do profesorado

XUNTA DE GALICIA

# Contexto e demandas

A UE e a OCDE (dentro dos criterios de excelencia educativa) definen a formación permanente como un **proceso estratéxico**, cuxas liñas de desenvolvemento son:




E enfocado á mellora continua, á xestión de calidade dos centros e á procura da excelencia. →

***Prospectiva***
***Detección***
***Comunicación***
***Avaliación***

XUNTA DE GALICIA

| | |
|---|---|
| **Profesión docente: tarefa cada vez máis complexa** | • Diversidade, convivencia, xeneralización da escolarización, calidade na avaliación |
| **Novas demandas sociais** | • Novo perfil docente |
| **Novas competencias e saberes** | • Necesidade de formación |
| **Cambios no profesorado e nas contornas de traballo** | • Novos contextos e modelos organizativos |

XUNTA DE GALICIA

# Novas demandas sociais e novas competencias e saberes

## Os novos contextos e modelos organizativos precisan un novo perfil docente para un desenvolvemento competencial en:

- Os aspectos científicos e didácticos da súa materia e a educación
- O dominio lingüístico e comunicativo (idiomas)
- A capacidade de traballar en equipo
- O tratamento da multiculturalidade
- A xestión de cuestións de xénero e de convivencia
- A atención á diversidade do alumnado
- As cuestións de benestar e sustentabilidade
- A integración das TIC na aula
- A planificación, organización e xestión de procesos educativos
- A relación coas familias e a contorna

XUNTA DE GALICIA

# Normativa reguladora

*DECRETO 75/2025, do 4 de agosto, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.*

## Obxectivos



Preparar o profesorado para afrontar os novos retos educativos.



Achegar a formación permanente aos centros.




Desenvolver o modelo de competencias profesionais docentes.



Relacionar formación, innovación, investigación e a avaliación para a mellora.



Achegar e facilitar o acceso á formación.



Impulsar a creación de redes de profesorado.



Contribuír ao éxito educativo do alumnado e o seu desenvolvemento integral.

XUNTA DE GALICIA

# Principios básicos da formación

- Proceso estratéxico na organización escolar
- Os centros educativos e o profesorado: protagonista da formación
- Formación vinculada a funcións docentes: competencias profesionais
- Detección de necesidades: sistema educativo, centros e profesorado
- Proxección na práctica docente: éxito educativo do alumnado
- Investigación, a innovación e a avaliación da formación

# Planificación da formación

## Plan estratéxico: plan anual de actuación da rede de formación e plan anual de formación do profesorado. Teranse en conta:

- O modelo de competencias profesionais docentes de Galicia,
- as prioridades formativas dos plans e programas da consellería,
- as directrices elaboradas pola DX competente na formación permanente do profesorado,
- as necesidades de formación detectadas e as propostas realizadas polos centros e profesorado.

## As accións formativas están integradas en itinerarios formativos:

- a) Organización anual:
  - Actividades de traballo grupal de colectivos docentes.
  - Actividades de participación individual de formación.
- b) Organización plurianual:
  - Plans de formación permanente do profesorado de centro.
  - Comunidades de observación e aprendizaxe, contextualizadas arredor de colectivos docentes específicos.

## Modalidades de formación:

- Cursos, seminarios, grupos de traballo, congresos, proxectos de formación en centros, proxectos de innovación educativa, proxectos de investigación.

XUNTA DE GALICIA

# Estrutura da Rede de formación

## Rede de formación

- Servizo de programas de formación.
- Centro autonómico de formación e innovación.
- Centros de formación e recursos: A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo.

## Persoa coordinadora de formación nos centros educativos

- Equipo directivo: responsable de liderar os procesos de formación.
- Para o desenvolvemento dos PFPP: colaboración dunha persoa coordinadora de formación.
  - Docente con destino definitivo no centro educativo.
  - Designada pola persoa directora.

# A avaliación dos plans de formación

## Finalidade:

- Analizar e contrastar os procesos e resultados obtidos no desenvolvemento da formación, coa pretensión de mellorala.

## Proceso sistemático e formativo:

- Combina procedementos de avaliación interna e externa.

## Sistema de xestión de calidade:

- Seguimento e avaliación con criterios, indicadores, procedementos e instrumentos.

XUNTA DE GALICIA

# Por que?

## 2.- Modelo de competencias profesionais docentes

- Directrices para un MCPD
- Pertinencia e utilidades
- Desenvolvemento de competencias profesionais: LOE - LOMLOE
- MCPD Galicia: características, estrutura e finalidade

# Bases e directrices para un MCPD

- Novas demandas educativas e sociais que condicionan o labor do profesorado
- Nova normativa educativa (enfoque de aprendizaxe de competencias)
- Directrices de organismos internacionais (UE, OCDE, UNESCO…)

XUNTA DE GALICIA

# Novas demandas educativas e sociais que condicionan o labor do profesorado

- Facilitarlles aos cidadáns os instrumentos necesarios para formar parte activa dela, propiciando a construción dun marco mundial que favoreza un desenvolvemento sostible aliñado cos obxectivos aprobados polos estados membros de Nacións Unidas.

A **escola** ha de **evolucionar** á vez que o fan as **demandas sociais**.

- Desenvolvemento de competencias básicas que permitan e empoderen as persoas para que reflexionen sobre as súas propias actuacións na contorna e sobre o impacto que estas teñen no social, no cultural, no económico e sobre o medio ambiente.

Obxectivo alcanzable no marco da **Educación para o Desenvolvemento Sostible (EDS).**

XUNTA DE GALICIA

# Nova normativa educativa (enfoque de aprendizaxe de competencias)

A normativa educativa estatal e autonómica establece un novo modelo de currículo en liña coa adquisición das **competencias clave**: repercusións inmediatas e evidentes no **rol do profesorado** que precisa reformular a súa tarefa.

É necesario actualizar tanto a **formación inicial como a formación permanente** do profesorado, tomando en consideración as competencias profesionais.

Recomendación do Consello da Unión Europea de 2018 e dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: **garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos (ODS 4).**

XUNTA DE GALICIA

## Directrices de organismos internacionais (UE, OCDE, UNESCO…)

O desenvolvemento de competencias clave para a aprendizaxe permanente e a súa avaliación foron un imperativo político importante para a UE e a comunidade científica.

- Resolución do **Consello da Unión Europea**: prioridade estratéxica nº 3: **Mellorar as competencias** e a motivación na profesión docente.
- As recomendacións do **Consello de Europa**: débese prover **marcos competencias abarcadores, actualizados e relevantes**, desenvolvidos a través dun diálogo estruturado e sistemático.
- Recomendacións da **European School Education Platform** son: fomentar os programas de **formación inicial** do profesorado, implementar un **programa de iniciación e titoría.**
- **TALIS 2025**: Os sistemas máis eficaces son aqueles que garanten que o profesorado dispón das **competencias necesarias** para ensinar con calidade.

# Pertinencia: instrumento esencial para guiar e fortalecer a formación dos profesionais da educación.

### Establecemento de estándares claros

Permite definir **expectativas concretas** sobre o desempeño profesional.

### Adaptación a contextos cambiantes

Asegura que os **docentes** estean **preparados** para afrontar a constante evolución.

### Equidade educativa

Fomenta unha **formación homoxénea** que busca reducir desigualdades na calidade educativa.

### Reconoñecemento profesional

Contribúe a **valorar o labor docente** como unha profesión especializada.

XUNTA DE GALICIA

# Utilidades de contar cun marco de competencias na formación docente

## 1.- Deseño de programas formativos

- Serve como base para estruturar os **itinerarios formativos**, asegurando que os contidos e metodoloxías estean aliñados coas demandas do exercicio profesional.

## 2.- Avaliación e mellora continua

- Facilita a **avaliación do progreso dos docentes** durante a súa formación, identificando fortalezas e áreas de mellora en competencias específicas.

## 3.- Orientación na práctica profesional

- Proporciónalles aos docentes en formación unha **guía clara** sobre as habilidades que deben adquirir e como estas se relacionan coas esixencias do seu labor futuro.

XUNTA DE GALICIA

# Utilidades de contar cun marco de competencias na formación docente

## 4.- Desenvolvemento de políticas educativas

Axuda os responsables educativos a **deseñar estratexias de capacitación**, actualización e avaliación do profesorado en exercicio.

## 5.- Fomento da aprendizaxe reflexiva

Incentiva os docentes para reflexionar sobre a súa **práctica pedagóxica** e a desenvolver unha mentalidade de mellora continua.

XUNTA DE GALICIA

# Desenvolvemento de competencias profesionais ligadas a funcións atribuídas ao profesorado en LOE e LOMLOE (art. 91)

**Referidas á actividade de aula.**

- a) La programación y la enseñanza de las áreas, materias, módulos o ámbitos curriculares que tengan encomendados.
- b) La evaluación del proceso de aprendizaje del alumnado, así como la evaluación de los procesos de enseñanza.
- c) La tutoría de los alumnos, la dirección y la orientación de su aprendizaje y el apoyo en su proceso educativo, en colaboración con las familias.
- d) La orientación educativa, académica y profesional de los alumnos, en colaboración, en su caso, con los servicios o departamentos especializados.
- e) La atención al desarrollo intelectual, afectivo, psicomotriz, social y moral del alumnado.

XUNTA DE GALICIA



**Referidas ás actividades do centro e o fomento dos valores democráticos, relación coas familias e a información dos seus fillos.**

- f) La promoción, organización y participación en las actividades complementarias, dentro o fuera del recinto educativo, programadas por los centros.
- g) La contribución a que las actividades del centro se desarrollen en un clima de respeto, de tolerancia, de participación y de libertad para fomentar en los alumnos los valores de la ciudadanía democrática y de la cultura de paz.
- h) La información periódica a las familias sobre el proceso de aprendizaje de sus hijos e hijas, así como la orientación para su cooperación en el mismo.

XUNTA DE GALICIA



**De coordinación, participación e xestión docentes coas estruturas do centro.**

- i) La coordinación de las actividades docentes, de gestión y de dirección que les sean encomendadas.
- j) La participación en la actividad general del centro.
- k) La participación en los planes de evaluación que determinen las Administraciones educativas o los propios centros.

XUNTA DE GALICIA

## Competencias profesionais ligadas a perfís e escenarios segundo os diferentes roles que poidamos desenvolver como docentes (referencia en LOMLOE)

**Cidadanía global, inclusión e atención personalizada:** respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, igualdade de oportunidades.

Responsabilidade institucional da **xestión do centro como organización, liderado** e dinamización pedagóxica desde un enfoque colaborativo.

Competencia **dixital**, en consonancia co MRCDD.

Competencia **comunicativa e lingüística**, en consonancia cos procesos de internacionalización e o MERL.

**Desenvolvemento sostible** (ODS e Axenda 2030: promoción da **saúde e do benestar** emocional no ámbito educativo.

**Investigación e innovación:** traballo colaborativo e creación de **redes profesionais e de centros** para o **fomento da formación.**

# Funcións docentes e competencias profesionais



XUNTA DE GALICIA

# Modelo de competencias profesionais docentes

## A formación permanente do profesorado é garantía dunha actuación docente competente e apropiada e da conexión entre educación e sociedade



Os docentes precisan desenvolver

**COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES**

- Que permitan o uso consciente dos coñecementos, capacidades, habilidades, destrezas, valores, actitudes e comportamentos.
- Que faciliten a resolución de situacións e problemas.
- Que axuden a cumprir coas funcións encomendadas e acadar os fins educativos propostos.
- Que permitan un nivel de desenvolvemento profesional de calidade, dinámico no tempo, demostrable e comprobable.



XUNTA DE GALICIA

# Modelo de competencias profesionais docentes

## Categoría de nivel 1 de concreción: ÁREA




- Conxunto de competencias relacionadas entre si e que representan un ámbito fundamental do desempeño profesional docente.
- Organiza as competencias profesionais docentes: vencellada ás funcións docentes e ás necesidades formativas e refírese aos diferentes ámbitos de actuación e desenvolvemento profesional.

.

## Categoría de nivel 2 de concreción: COMPETENCIA PROFESIONAL DOCENTE

- Constitúe o conxunto integrado de coñecementos, destrezas e actitudes que o persoal docente debe pór simultaneamente en xogo para desenvolver as funcións propias da súa profesión acadando un nivel de desempeño de calidade, demostrable e comprobable.

XUNTA DE GALICIA

# Modelo de competencias profesionais docentes




## Categoría de nivel 3 de concreción: DESCRITOR COMPETENCIAL

- Formulación específica e máis concreta que detalla como se expresa unha competencia na práctica profesional, describindo comportamentos, resultados ou actuacións observables. O descritor traduce a competencia a un nivel operativo.

## Categoría de nivel 4 de concreción: NIVEIS E INDICADORES DE LOGRO

- Cada descritor competencial está desagregado en niveis de progreso definidos por unha serie de indicadores de logro.
- Evidencia concreta, verificable e medible que permite valorar o grao de desenvolvemento ou dominio dun descritor. Os indicadores axudan a avaliar de forma obxectiva o desempeño do docente mediante comportamentos ou produtos claramente identificables.

XUNTA
DE GALICIA

# Estrutura do modelo

**3** ÁREAS
- » Pedagóxica
- » Profesional
- » Social

**36** DESCRITORES COMPETENCIAIS

Niveis de concreción maior de cada unha das competencias que amosan facetas concretas do desenvolvemento destas.

**7** COMPETENCIA PROFESIONAL DOCENTE

ÁREA PEDAGÓXICA

- » Competencia didáctico-metodolóxica
- » Competencia comunicativa
- » Competencia dixital

ÁREA PROFESIONAL

- » Competencia en desenvolvemento profesional
- » Competencia en organización escolar e colaboración

ÁREA SOCIAL

- » Competencia en saúde, seguridade e benestar
- » Competencia inclusiva, social e cidadá

**3** NIVEIS
- » Básico
- » Intermedio
- » Avanzado

**299** indicadores

# Autorreflexión e detección de necesidades



Ferramenta práctica para

- Profesorado



- Centro educativo



- Admón. educativa



XUNTA DE GALICIA

**Autoavaliación e reflexión individual** sobre o seu desenvolvemento competencial, a partir dos **indicadores de nivel do MCPD**:

Profesorado

| Competencia Profesion | Descritor Competencial/Área* | Nivel | Situación | Indicadores de logro/Indicador* |
|---|---|---|---|---|
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Básico:** | Sí | 1.5.1. Coñece e aplica diversas propostas didácticas e metodolóxicas a nivel xeral. |
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Básico:** | Sí | 1.5.2. Selecciona diferentes propostas didácticas e metodolóxicas, recoñecendo as características propias de cada unha delas en función da diversidade do alumnado. |
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Básico:** | En proceso | 1.5.3. Analiza e compara diversas propostas didácticas e metodolóxicas en relación ao currículo da súa materia/área/ámbito/disciplina. |
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Medio:** | Sí | 1.5.4. Participa en proxectos multidisciplinares do centro que abordan diferentes aspectos curriculares independentemente da súa área ou materia. |
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Medio:** | En proceso | 1.5.5. Deseña situacións de aprendizaxe competencial que dean resposta á diversidade do alumnado. |
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Medio:** | En proceso | 1.5.6. Aplica diferentes propostas didácticas e metodolóxicas na aula, en función do obxectivo de aprendizaxe e da diversidade do seu alumnado. |
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Avanzado:** | No | 1.5.7. Analiza os resultados da implementación das diferentes propostas didácticas e metodolóxicas empregadas e garda evidencias do proceso. |
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Avanzado:** | No | 1.5.8. Recolle evidencias do proceso de análise dos resultados da implementación de diferentes propostas didácticas dun modo sistemático e organizado. |
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Avanzado:** | No | 1.5.9. Incorpora a retroacción procedente da análise dos resultados obtidos coa implementación das diferentes propostas didácticas e metodolóxicas na súa práctica docente diaria mediante a formulación de propostas de mellora. |
| 1. DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Avanzado:** | No | 1.5.10. Comparte os resultados das investigacións e melloras implementadas coa comunidade docente para dinamizar o uso diversificado de metodoloxías e didácticas específicas que promovan unha aprendizaxe competencial e adaptada á diversidade do alumnado. |

XUNTA DE GALICIA

# Profesorado

- **Inscrición en accións formativas segundo nivel competencial**



XUNTA DE GALICIA

# **Análise e reflexión do equipo de dirección** sobre o nivel de desenvolvemento competencial do claustro, a partir **dos indicadores de nivel do MCPD:**

Centro

- **Determinar as necesidades formativas para o deseño dos itinerarios nos PFPP.**



XUNTA DE GALICIA

# Análise e avaliación pola Consellería

Admón. educativa

Determinar os niveis de desenvolvemento competencial dos docentes, a partir dos **indicadores de nivel do MCPD**



XUNTA DE GALICIA

# Como?

## 3.- Xestión de calidade. Deseño do PAF

# Xestión de calidade. Deseño do PAF

- Modelo que define a nosa misión e visión, os valores de actuación e os procesos de traballo.
- Establece indicadores, ámbitos, responsables, resultados esperados, informes, conclusións e propostas de futuro.
- Permite establecer marcos e procedementos de actuación comúns.



XUNTA DE GALICIA

# Plan estratéxico de formación e definición de liñas estratéxicas para o deseño do PAF

PLAN ESTRATÉXICO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO 2024–2028

DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
SERVIZO DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN

PLAN ESTRATÉXICO DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO 2024–2028

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

## G. EIXOS E ESTRATEXIAS

Os ámbitos de actuación do Plan estratéxico constitúense en eixos que vertebran o mesmo e arredor dos cales vanse fixar os obxectivos e plan de acción para logralos. Eses eixos nos que se apoia a formación do profesorado son:

1. Actualización de normativa do modelo de formación permanente e da rede de formación.
2. Desenvolvemento e avaliación do Modelo de competencias profesionais docentes.
3. Adecuación do modelo de Formación permanente do profesorado ás súas necesidades.
4. Posicionamento e visibilidade da Rede de Formación.
5. Avaliación e impacto da formación nos centros educativos.

## Determinar as liñas estratéxicas de formación para o deseño do PAF

XUNTA DE GALICIA

### Directrices para a elaboración do Plan de Formación do Profesorado

A Rede de Formación do Profesorado dispón dun Plan Estratéxico no que se recollen as liñas de actuación para a organización do funcionamento da mesma por un período de 4 anos.

Á súa vez o Plan Estratéxico da Rede desenvólvese nos correspondentes Plans Anuais da Rede de Formación do Profesorado, que incluirán o Plan de Formación para o curso correspondente.

O Plan de Formación deberá dar resposta ás necesidades de formación detectadas desde unha tripla perspectiva: necesidades do persoal docente, dos centros educativos e dos requirimentos dos diversos programas que se desenvolven desde a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e ás liñas prioritarias definidas neste documento.

As accións formativas ofertadas deberán promover a adquisición e mellora das competencias profesionais docentes, optimizando as aprendizaxes do alumnado mediante iniciativas que desenvolvan a mellora metodolóxica así como a actualización científica e didáctica segundo as necesidades detectadas.

XUNTA DE GALICIA




**Marco como referente para:**

- a detección de necesidades,
- a planificación das actividades formativas,
- así como para as actuacións de apoio e asesoramento.

**Isto permitirá:**

- un seguimento da resposta dada ás demandas, necesidades e expectativas,
- unha avalaición
- e unha mellora das novas planificacións.

XUNTA DE GALICIA

# Principios básicos para deseñar un modelo de formación permanente

1. Desenvolvemento de competencias docentes.
2. Enfoque na práctica reflexiva para a mellora do desempeño na aula.
3. Desenvolvemento continuo e profesional.
4. Relevancia e formación contextualizada á contorna e comunidade educativa.
5. Colaboración e comunidade de aprendizaxe.
6. Enfoque na investigación e a evidencia.
7. Avaliación e retroalimentación continua.

# Itinerarios formativos



XUNTA DE GALICIA

# Como xestionar a formación en competencias?

**1.- Coñecer as expectativas e necesidades ás que dar resposta**

- Institucionais
- De centros
- Do profesorado

**2.- Planificar e programar as accións de resposta**

- Accións formativas
- Accións de asesoramento e apoio
- Accións de promoción da innovación

XUNTA DE GALICIA

## 3.- Definir as competencias e aspectos que se traballarán

- Número reducido
- Precisión e concreción

## 4.- Determinar o punto de partida

- Niveis competenciais
- Destinatarios
- Contexto

XUNTA DE GALICIA

**5.- Fixar os “contidos” competenciais para o logro do obxectivo proposto**

- Organización de coñecementos, habilidades, valores, …

**6.- Crear contornas, situacións de aprendizaxe o máis reais posibles**

- Establecemento do itinerario
- Secuenciación de modalidades
- Distribución de módulos

**7.- Seguir e avaliar**

- Determinar indicadores e momentos
- Medir a satisfacción e o impacto
- Corrixir e adaptar

XUNTA DE GALICIA

# Deseño do PAF

## Competencias




## Deseño de itinerarios formativos

**25**

**413**

**Actividades de catálogo**

AFI

Actividades na rede

Formación centros

## Líñas formativas

- DIDÁCTICA
- DIXITAL
- INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN
- CONVIVENCIA E INCLUSIÓN
- COMUNICACIÓN E PLURILINGÜISMO
- COLECTIVOS ESPECÍFICOS


XUNTA
DE GALICIA
CERTIFICADO
FORMACIÓN E RECURSOS
PLAN ANUAL
FORMACIÓN DO
PROFESORADO
2025/26

XUNTA DE GALICIA

# LIÑA DIDÁCTICA

Ten como obxectivo prioritario proporcionarlle á persoa docente as **estratexias e recursos** necesarios para **ser impulsor/a e guía da aprendizaxe** fomentando a creación dun espazo de aprendizaxe que desenvolva a autonomía do alumnado, responda ás súas necesidades específicas e camiñe da man dos avances da sociedade e da ciencia actual.

## Itinerarios

- Desenvolvemento curricular
- Metodoloxías didácticas
- Deseño e desenvolvemento de proxectos STEM
- Polos creativos
- Fomento da competencia matemática
- Fomento da competencia lectora

## Total actividades: 188

- Nivel básico: 48 %
- Nivel medio: 43 %
- Nivel avanzado: 9 %

XUNTA DE GALICIA

# LIÑA DIXITAL

Esta liña enmárcase na estratexia Educación Dixital 2030. A oferta de actividades está adaptada ao novo **Marco de Competencias Profesionais Docentes** e á normativa actual de acreditación da competencia dixital docente.

Os principais aspectos abordados son os relacionados coa **xestión de ferramentas** administrativas dixitais, coa **implementación de metodoloxías** con ferramentas dixitais e coa **creación de contidos dixitais** de calidade.

## Itinerarios

- Dixitalización do centro e da comunidade educativa
- Contidos educativos dixitais
- Metodoloxías dixitais
- Intelixencia artificial
- E-Dixgal

## Total actividades: 48

- Nivel básico: 42 %
- Nivel medio: 35 %
- Nivel avanzado: 23 %

XUNTA DE GALICIA




- Normativa
- Acreditación
- Formación
- Contacto

# LIÑA INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN

Itinerarios ligados á resposta que a sociedade do coñecemento demanda dos sistemas educativos en termos de **transformación e mellora continua**.

Neste paradigma cómpre ter unha visión global e estratéxica do que son os procesos de innovación e investigación e converter os centros en **espazos favorables para o cambio.**

**Itinerarios**

- Innovación
- Internacionalización
- Investigación

**Total actividades: 17**

- Nivel básico: 59 %
- Nivel medio: 29 %
- Nivel avanzado: 12 %

# LIÑA CONVIVENCA E INCLUSIÓN

A **Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025** reforza o compromiso co coidado e coa mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos, establecendo como eixos fundamentais para a mellora da **convivencia**, a competencia **emocional**, a convivencia positiva, a **convivencia dixital** responsable e o reforzo dunha convivencia **equitativa**, **inclusiva** e con perspectiva de xénero.

**Itinerarios**

- Convivencia escolar e coeducación
- Inclusión educativa

**Total actividades: 51**

- Nivel básico: 29 %
- Nivel medio: 57 %
- Nivel avanzado: 14 %

# LIÑA COMUNICACIÓN E PLURILINGÜISMO

A **Estratexia Edulingüe 2030** baséase na mellora da competencia **comunicativa** e metodolóxica no proceso de ensino-aprendizaxe de linguas, así como na extensión e afianzamento da **internacionalización** do sistema educativo. O acceso á **lectura e á escritura** resulta esencial para unha educación inclusiva e de calidade. A apertura ás **linguas**, tanto cooficiais como estranxeiras, contribúe igualmente á participación plena na sociedade actual.

**Itinerarios**

- Comunicación
- Tratamento da información
- Plurilingüismo

**Total actividades: 69**

- Nivel básico: 65 %
- Nivel medio: 26 %
- Nivel avanzado: 9 %

# LIÑA COLECTIVOS ESPECÍFICOS

Na busca da **mellora continua da calidade educativa** é prioritario darlles atención a axentes cunha especial capacidade de transformación: os equipos directivos, as persoas orientadoras, o persoal da inspección educativa, os/as novos/as docentes e as familias.

**Itinerarios**

- Inspección educativa
- Equipos directivos
- Persoas orientadoras
- Funcionariado en prácticas
- Persoal docente de novo acceso
- ENAPAS

**Total actividades: 40**

- Nivel básico: 28 %
- Nivel medio: 55 %
- Nivel avanzado: 18 %

XUNTA DE GALICIA



# Para que?

## 4.- Centro: eixo da formación innovadora para o cambio

XUNTA DE GALICIA

# Proceso estratéxico do centro

| | |
|---|---|
| Proceso estratéxico na organización escolar | Os centros educativos e o seu profesorado: protagonista da formación |
| Formación vinculada a funcións docentes: competencias profesionais | Detección de necesidades: sistema educativo, centros e profesorado |
| Proxección na práctica docente: éxito educativo do alumnado | Investigación, a innovación e a avaliación da formación |

**Onde encadrar a formación do profesorado do centro?**



**Proceso estratéxico:**

- Principios básicos no PEC
- Definición de estratexias a medio/longo prazo
- Concreción anual na PXA

**Proceso clave:**

- Plan de formación de centro (claustro, equipos, ciclos, departamentos)
- Centrado no apoio e desenvolvemento dos distintos procesos clave:
  - Mellora das competencias profesionais
  - Mellora da organización e funcionamento do centro
  - Mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado

**Proceso de soporte:**

- Formación para a:
  - Mellora e perfeccionamento persoal
  - Xestión administrativa do traballo profesional

XUNTA DE GALICIA

**Satisfacción das persoas que traballan no centro.**

- Docentes máis formados e capacitados, que desenvolverán o seu labor de forma máis satisfactoria para sí mesmas/os e para o centro.

**Satisfacción da organización**

- Consecución dos resultados expostos e cumprimento da misión e visión.

**Satisfacción da sociedade**

- Cumprimento e satisfacción das necesidades e expectativas do alumnado, as familias e a sociedade.

# Centro: núcleo da formación

- Nova forma de traballo en equipo, maior cohesión e coherencia do conxunto.

**Consideración do centro de traballo como a unidade formativa básica**

- mellor adaptación as necesidades da contorna
- maior implicación e participación do profesorado,
- maior integración nos seus proxectos educativos e curriculares.

**Modelo de formación de Galicia: "os centros educativos son os escenarios habituais da formación"**

"Formación innovadora: aquilo que a organización quere aprender para ser máis eficiente e cumprir o seu propósito". Supón afrontar dous grandes retos:

- darse conta das carencias que ten a organización
- decidir que necesita aprender nun determinado sentido

# A formación innovadora intégrase no seu contexto específico



O centro educativo: unidade básica de cambio e protagonista directo do mesmo.



A innovación: realizada por docentes de xeito individual desde a institución e en función dos obxectivos desta.



O contexto organizativo é un elemento clave: traballo en grupo como facilitador na innovación e participación.



Son os grupos, os órganos, e non as persoas de xeito individual e illado, que mellor resposta poden dar ás necesidades reais da institución.

Non é un concepto absoluto, senón gradual.
Establécense catro niveis.



XUNTA DE GALICIA

## Formación para o cambio e a innovación

**MODELO DE COMPETENCIAS**

***Detección e expectativas Planificación e resposta***




***Seguimiento e avaliación Innovación e mellora***

**CANLES DE FORMACIÓN**

XUNTA DE GALICIA

## Tensión entre as funcións de liderado escolar e de xestión escolar?

**Liderado:** centrado na visión, na motivación, no futuro e os equipos e nas persoas da escola.

- Creación dunha visión compartida.
- Institucionalizar a capacidade de coordinar as accións en pos de melloras.
- Céntrase no "por que" e o "que", establecendo unha dirección, aliñando ás persoas e motivando e inspirando.
- Visión: establecen o rumbo e a dirección.
- Horizonte temporal: perspectiva a longo prazo.

**Xestión:** proporciona sistemas e procesos para o bo funcionamento diario da escola.

- Planificar, crear e dirixir sistemas organizacionales co fin de cumprir misións e obxectivos.
- Mellorar e fortalecer a xestión da escola en todas as súas dimensións.
- Ocúpase do "como", executan e implementan os plans para chegar alí.
- Horizonte temporal: obxectivos a curto prazo.

Tanto o liderado como a xestión son esenciais para o desenvolvemento exitoso da escola, deben ir da man e combinar: ideas vs procesos, importante vs urxente

XUNTA DE GALICIA

# A formación innovadora susténtase en catro elementos

***Formación e innovación***

- **Os procesos**
- **O coñecemento**
- **As persoas**
- **A tecnoloxía**

***Características***

- ***1.Novidade***
- ***2.Intencionalidade***
- ***3.Interiorización***
- ***4.Creatividade***
- ***5.Sistematización***
- ***6.Profundidade***
- ***7.Pertinencia***
- ***8.Orientada a resultados***
- ***9.Permanencia***
- ***10.Anticipación***
- ***11.Cultura***
- ***12.Axentes***

XUNTA DE GALICIA

# Características dunha formación innovadora

**1.Novidade**
- algo novo que propicia unha mellora con respecto a unha situación ben definida.

**2.Intencionalidade**
- un cambio que deliberadamente se propón lograr unha mellora.

**3.Interiorización**
- implica unha aceptación e apropiación do cambio por parte das persoas que deben levalo a cabo.

**4.Creatividade**
- capacidade para identificar melloras, fixar metas e deseñar estratexias que aproveiten os recursos dispoñibles para acadalas.

**5.Sistematización**
- acción planeada e sistemática que involucra procesos de avaliación e reflexión crítica acerca da práctica e a innovación mesma.

**6.Profundidade**
- xeración de cambios nas concepcións, as actitudes e as prácticas educativas

XUNTA DE GALICIA

# Características dunha formación innovadora

**7.Pertinencia**
- adecuación ao contexto socioeducativo que fai da innovación unha solución a unha problemática ben definida.

**8.Orientada aos resultados**
- non é unha fin en si mesma, senón un medio para lograr mellor os fins da educación.

**9.Permanencia**
- mantemento durante o tempo necesario para converterse na nova normalidade.

**10.Anticipación**
- recreación clara de cales son as características da situación que se quere lograr.

**11.Cultura**
- cambios tanto nas concepcións como na práctica, que contribúen a formar unha actitude aberta a novos cambios.

**12.Diversidade de axentes**
- colaboración e articulación de esforzos entre os participantes.

XUNTA DE GALICIA

# Centro: eixo da formación






Itinerario formativo e
plan de formación do centro

XUNTA DE GALICIA

# Análise, avaliación e impacto da formación

**Satisfacción**
- Valoracións informais (cuestionarios, observacións, ...)

**Aprendizaxe**
- Desenvolvemento de competencias e vinculación á transferencia

**Transferencia**
- Aplicación efectiva da aprendizaxe competencial, xeneralizado e mantido no tempo

**Impacto**
- Efectos cuantitativos e cualitativos para o centro

## Prospectiva e detección de necesidades



XUNTA DE GALICIA

# Ferramentas de detección de necesidades

**Análise, reflexión e avaliación sobre os diferentes plans e programas do centro, referenciados a competencias e descritores do MCPD**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Básico:** | Sí | 1.5.1. Coñece e aplica diversas prop didácticas e metodolóxicas a nivel xera |
| DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Básico:** | Sí | 1.5.2. Selecciona diferentes propostas di e metodolóxicas, recoñecendo as caracteri propias de cada unha delas en función da diversidade do alumnado. |
| DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Básico:** | En proceso | 1.5.3. Analiza e compara diversas propostas didácticas e metodolóxicas en relación ao currículo da súa materia/área/ámbito/disciplina. |
| DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Medio:** | Sí | 1.5.4. Participa en proxectos multidisciplinares do centro que abordan diferentes aspectos curriculares independentemente da súa área ou materia. |
| DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Medio:** | En proceso | 1.5.5. Deseña situacións de aprendizaxe competencial que dean resposta á diversidade do alumnado. |
| DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Medio:** | En proceso | 1.5.6. Aplica diferentes propostas didácticas e metodolóxicas na aula, en función do obxectivo d aprendizaxe e da diversidade do seu alumnado. |
| DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Avanzado:** | No | 1.5.7. Analiza os resultados da implementación das diferentes propostas didácticas e metodolóxicas empregadas e garda evidencias d proceso. |
| DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Avanzado:** | No | 1.5.8. Recolle evidencias do proceso de análise dos resultados da implementación de diferentes propostas didácticas dun modo sistemático e organizado. |
| DIDÁCTICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Avanzado:** | No | 1.5.9. Incorpora a retroacción procedente da análise dos resultados obtidos coa implementación das diferentes propostas didácticas e metodolóxicas na súa práctica docente diaria mediante a formulación de propostas de mellora. |
| TICA | 1.5. Didácticas específicas e metodoloxías | **Avanzado:** | No | 1.5.10. Comparte os resultados das investigación e melloras implementadas coa comunidade docente para dinamizar o uso diversificado de metodoloxías e didácticas específicas que promovan unha aprendizaxe competencial e |

- ✓ Proxecto educativo de centro
- ✓ Regulamento de réxime interior
- ✓ Programación xeral anual
- ✓ Plan de convivencia
- ✓ Plan de atención á diversidade
- ✓ Plan de acción titorial
- ✓ Plan de igualdade e coeducación
- ✓ Plan dixital de centro
- ✓ Plan anual de lectura
- ✓ Plan de internacionalización
- ✓ Plan de formación do profesorado
- ✓ Plan de mellora
- ✓ Plan de bibliotecas
- ✓ Proxecto lingüístico de centro
- ✓ Plan de comunicación
- ✓ Plan de autoprotección

XUNTA DE GALICIA

# Prospectiva e detección de necesidades

A detección de necesidades formativas é esencial para **deseñar plans de formación efectivos e adaptados.**

- **Necesidades reais ≠ necesidades percibidas**: non todo o que os docentes demandan é unha necesidade obxectiva de formación (Cano, 2017)
- Unha mala análise = formacións innecesarias, repetitivas, pouco efectivas = uso ineficaz dos recursos (Gairín, 2010)

A formación docente debe basearse nun **modelo de competencias: claridade e estrutura,** evita improvisacións na detección de necesidades (Ministerio de Educación e FP, 2023)

- Permite definir que é medible e que se considera desenvolvemento profesional

# Metodoloxías colectivas para a detección de necesidades formativas

**Métodos cualitativos: c**aptan percepcións, problemáticas emerxentes e experiencias docentes (Cano, 2017)

- Entrevistas individuais ou grupais
- Grupos de discusión ou focus group
- Observación na aula: por dirección, coordinadores de formación ou asesores externos

**Métodos cuantitativos: x**eran datos comparables, identificando tendencias e patróns (Gairín, 2010)

- Cuestionarios e enquisas: instrumentos estruturados para recompilar información sobre necesidades, intereses e dificultades
- Análises de datos históricos

**Métodos mixtos: c**ombinan ambos os enfoques para unha detección máis precisa.

# Estratexias individuais para a detección de necesidades formativas

**Autoavaliación do profesorado:** cada docente reflexiona sobre as súas propias competencias e detecta as súas áreas de mellora.

Rúbrica de reflexión

- Diario profesional
- Portafolios docente

Enquisas individuais

Análise de experiencias previas

**Equipo de formación do centro**




**Equipo de apoio externo**

- **Solicitude e proposta de novos contidos formativos na aplicación de xestión FProfe**



# Solicitud y propuesta de itinerarios formativos en los PFPP (aplicación de xestión Fprofe)






**Propuesta de itinerarios formativos en los PFPP (aplicación de xestión Fprofe)**

XUNTA DE GALICIA

# Avaliar as fases do impacto da formación en catro pasos

**Satisfacción**

- Valoracións informais (cuestionarios, observacións …)

**Aprendizaxe**

- Desenvolvemento de competencias e vinculación á transferencia

**Transferencia**

- Aplicación efectiva da aprendizaxe competencial, xeneralizado e mantido no tempo

**Impacto**

- Efectos cuantitativos e cualitativos para o centro

XUNTA DE GALICIA

# Satisfacción

- Valoracións informais (cuestionarios, observacións ...)

## Fprofe: enquisa de satisfacción

| Media por grupo | |
|---|---|
| Docencia | 4.66 |
| Organización | 4.64 |

| | |
|---|---|
| Media actividade | 4.65 |
| Participantes na enquisa | 14 de 26 |

**Preguntas puntuables**

Valor das puntuacións para as preguntas da enquisa: (1)mal, (2)regular, (3)suficiente, (4)ben, (5)moi ben.

Modificar Axuda

| Organización | En branco | Media | Moda |
|---|---|---|---|
| 1. Desempeño profesional do asesor/a: xestión e información da actividade | 0 | 4.93 | 5 |
| 2. Grao de satisfacción xeral coa actividade | 0 | 4.71 | 5 |
| 3. Adecuación da actividade ás subcompetencias, obxectivos e contidos | 0 | 4.64 | 5 |
| 4. Formación proporcionada pola actividade en relación á competencia previa | 0 | 4.36 | 5 |
| 5. Utilidade para a práctica docente | 0 | 4.57 | 5 |

XUNTA DE GALICIA

## Aprendizaxe

- Desenvolvemento de competencias e vinculación á transferencia

## Fprofe: evidencia de aprendizaxe e tarefa de realización

### Actividade

Total horas das xornadas da actividade

20.0

### Xornadas

| Data | Horas | Tipo | Observacións |
|---|---|---|---|
| 30/09/2024 | 16:30 - 20:30 | | Sesión presencial no CAFI. Estratexias para a detección, análise, elaboración de propostas educativas na atención ao alumnado con trastorno do espectro autista , etc. Relatora: Dagmar Gabriela Nedelcu. |
| 07/10/2024 | 16:30 - 20:30 | | Sesión presencial no CAFI. (Continuación) Estratexias para a detección, análise, elaboración de propostas educativas na atención ao alumnado con trastorno do espectro autista , etc. Relatora: Dagmar Gabriela Nedelcu. |
| 14/10/2024 | 16:30 - 20:30 | | Sesión presencial no CAFI. (Continuación) Estratexias para a detección, análise, elaboración de propostas educativas na atención ao alumnado con trastorno do espectro autista , etc. Relatora: Dagmar Gabriela Nedelcu. |
| 21/10/2024 | 15:00 - 20:00 | | SESIÓN NON PRESENCIAL. Implicará a realización e entrega dunha tarefa que xustificarán as 5 horas non presenciais. |
| 28/10/2024 | 17:00 - 20:00 | | Sesión de posta en común das tarefas realizadas. Dinamiza a sesión Dagmar Gabriela Nedelcu. |

XUNTA DE GALICIA

**Transferencia**

- Aplicación efectiva da aprendizaxe competencial, xeneralizado e mantido no tempo

## Fprofe: aula virtual cunha evidencia de transterencia e aplicación á aula, e devolución e explicación de resultados




### Tarefas para a fase non presencial

PDF Bases para a realización das tarefas

1. Planificar unha estatexia de actuación para mellorar o nivel de autonomía do alumnado con TEA dentro da aula ordinaria (establecer o punto de inicio e a finalidade do programa, establecer os obxectivos e os niveis de actuación, ensinar fisicamente os materiais adaptados deseñados para apoiar a implementación do programa, ensinar e comentar a forma de avaliación do grao de satisfacción e adquisición de habilidades por parte do alumnado con TEA).



## Impacto

- Efectos cuantitativos e cualitativos para o centro

# Fprofe: evidencia de impacto da formación (indicadores, …)

Inicio | Detección necesidades | Liñas de traballo | Itinerarios | Equipos de formación | Actividades | Documentación | Xestión económica
Actas/Diplomas | Enquisas | Sinatura dixital | Control | Indicadores avaliación | Detalle actividade | Indicadores acreditación

### S2431015 PFPP 2024/2025 15027551 - CRA de Rianxo

#### Indicadores de avaliación da aplicación e impacto nas aulas

**Indicadores de avaliación da aplicación na aula**

| Itinerario | Característica | Indicador | Criterio aceptación | Temporalización | Acción |
|---|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías activas e inclusivas no CRA de Rianxo cos Polos creativos | Banco de ideas e posta en práctica | O profesorado concreta un banco de propostas didácticas. | O 80% do profesorado participante pon en común un banco de ideas para aplicacións didácticas activas... | Ao longo do curso. | Ver Editar |

Engadir

**Indicadores de avaliación do impacto na aula**

| Itinerario | Característica | Indicador | Criterio aceptación | Temporalización | Acción |
|---|---|---|---|---|---|
| Metodoloxías activas e inclusivas no CRA de Rianxo cos Polos creativos | Actualízase a Concreción curricular | Tras revisar o impacto das actividades nas aulas (motivación, análise competencial), porponse actual... | A CCP aproba a actualización: si/non. | A final de curso. | Ver Editar |

Engadir

XUNTA DE GALICIA

## O desafío da transformación implica tamén tres movementos

Do coñecemento persoal e implícito

- **Ao coñecemento colectivo e explícito.**

Da xestión escolar rutineira

- **A unha xestión integrada e interactiva baseada na xeración de coñecemento e aprendizaxe.**

Da competencia desaproivetada e a incompetencia ignorada

- **Á conformación de equipos de traballo que xestionen e xeneren coñecemento mediante a autoavaliacióne a mellora continua.**

XUNTA DE GALICIA

# Principios de actuación do PAF 2025-26

## PERSONALIZACIÓN

Formación pertinente, flexible e adaptada ás necesidades e demandas do profesorado, dos centros e dos contextos educativos

## CONTINUIDADE

Formación continua e sostida no tempo para ir adquirindo novas habilidades e coñecementos de forma progresiva

## INNOVACIÓN

Formación actualizada e innovadora para promover o liderado pedagóxico do profesorado e poidan ser axentes de cambio e promotores da mellora continua

## COLABORACIÓN

Fomenta a reflexión crítica sobre a propia práctica docente e o impacto das estratexias pedagóxicas e a colaboración e o traballo en equipo

## AVALIACIÓN

Mecanismos de avaliación para medir o impacto no desempeño do profesorado e na aprendizaxe do estudantado

## INCLUSIÓN

Principios éticos que promoven a equidade, a inclusión, o respecto á diversidade e á responsabilidade social

# O futuro... tres premisas (moi presentes e actuais)



XUNTA
DE GALICIA

# 1.- Actualización, redefinición e reconecemento das competencias profesionais docentes



Protagonismo das “competencias brandas”: asociadas ao comportamento da persoa, ao seu desempeño social, liderado e manexo emocional.

XUNTA
DE GALICIA

## 2.- Evolución cara a un modelo de organizacións educativas competentes



Centros educativos como organizacións vivas, intelixentes, que crean coñecemento e facilitan o desenvolvemento das persoas.
Non basta con ter un profesorado moi competente, son necesarios uns obxectivos e fins comúns (un plan, unha estratexia)

XUNTA DE GALICIA

# 3.- Avaliar o impacto da formación no modelo educativo



Preguntas:

- fomos capaces de dar unha resposta ás demandas realizadas?
- esta resposta foi satisfactoria, cumpríronse as expectativas do profesorado e melloraron as súas competencias profesionais?
- que impacto e repercusión tivo a actuación da rede de formación no centro educativo?
- en que medida a mellora das competencias profesionais do profesorado e do centro como organización determinan uns mellores resultados académicos do alumnado, do centro e por tanto do propio sistema educativo?

XUNTA DE GALICIA

"El cambio innovador debe ser profundo, inteligente, completo, emponderante y elegante. La innovación polariza a la gente, entre quienes la adoran y los que la detestan. No tengas miedo; lo que te debería preocupar es que te ignoren"

**Guy Kawasaki**

"Lo que no es útil para la colmena no es útil para la abeja"

**Marco Aurelio**



# Moitas grazas

josealberto.hernandez@edu.xuntal.gal
@josealbertohe